

PROTOCOLO DE AULA

- 1- Na ocupación das aulas e outros espazos; a distancia interpersonal mínima será de 2 metros. Non se permitirá cambiar de sitio con outro/a alumno/a nin levantarse para deambular pola aula. O alumnado terá que permanecer no seu sitio dende que entre ata que saia da aula.
- 2- A hixiene de mans é obligatoria; a estes efectos na porta de entrada do centro e de cada unha das aulas existirá un dispensador de solución hidroalcohólica.
- 3- Nas aulas poderase prescindir do uso obligatorio de máscara, atendendo a que existen distancias de seguridade que resultan inalterables.
- 4- Debe evitarse tocar o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- 5- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros.
- 6-Cando tusa ou espirre, debe cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- 7- Tendo en conta a imposibilidade de manter a distancia nos movementos de entrada e saída e nos de circulación polo centro, o alumnado ten a obrigade usar máscaras nos movementos que discorran polo centro.
- 8- No tempo de descanso o alumnado non poderá agruparse, será recomendable saír ao exterior, e, en todo caso, ao retorno do descanso é necesaria a hixiene de mans co xel hidroalcohólico.
- 9- Farase un especial esforzo en gardar en todo momento a distancia de seguridade co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto, así como nos tempos de descanso.
- 10- Extremarase a orde nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección individual do posto, no caso de que a aula se utilice para diferentes grupos. En cada aula existirá unha dotación de panos desbotables e de solución desinfectante para proceder polo alumnado a desinfección do seu pupitre e cadeira.
- 11-O alumnado que teña as clases no ximnasio e na clase de 3ºB (edificio principal, andar de abaixo), fará as entradas e saídas pola porta principal. No caso de ter clase na aula de debuxo técnico (edificio de bacharelato), o acceso será pola porta principal de bacharelato.
- 12- Unha vez rematadas as clases o alumnado deberá abandonar o recinto escolar de xeito ordenado.